



In memórium

Darío Xohán Cabana

Armando Requeixo¹

Ben sei, ben sei, canté que non o soupese,
que a vida acaba cando o sangue calla,
pero quizá a memoria nos puidese
librar, se non da morte, da mortalla.

D. X. Cabana

Escribo estas liñas coa brasa ardente do sangue do amigo acabado de callar. Sei, quen me dera non sabelo, que el agarda xa por nós na outra beira, definitivamente. Mais quero agora eu deitar un fío de luz, unha ponte de memoria que desafíe á que non fala, que o libre da ominosa mortalla.

O pasado 17 de novembro de 2021 fóise nos Darío Xohán Cabana. Marchou nos fríos da noite, magoado por un mal fero que o minvou nos últimos tempos e nolo levou moito antes do que debería, cando aínda non fixera os setenta. Foise e deixou en tristura á súa Amelia, quen, como el cantou, «enchía a súa vida» e ao seu carón estivo case medio século. E ficaron orfos tamén Alexandra e Martiño, benqueridos aos que el fixo saber herdeiros «da estirpe nobre dos mariñeiros e labregos pobres» da que el se sentía un máis.

Nacera Darío en Roás, na largacía Chaira, cerna dun mundo antigo onde os seus tiñan morada «ben fermosa, chairega e vella

¹ Armando Requeixo Cuba é o secretario do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, profesor na Universidade de Santiago de Compostela e coordinador de actividades e publicacións na Casa-Museo Álvaro Cunqueiro.